

Arbitraxe Campionatos Galegos por equipos de Club Xadrez Lóstrego e Xadrez Rápido

A Federación Galega de Xadrez abre o prazo de solicitudes para actuar como árbitro nos Campionatos Galegos por equipos de Club 2024 (Xadrez Lóstrego e Xadrez Rápido), que se celebrarán no Hotel Scala de Padrón (A Coruña) o 25 e 26 de Maio de 2024, respectivamente.

PRAZAS OFERTADAS

Un árbitro principal e un árbitro adxunto para as dúas modalidades:

MODALIDADE	ENTRADA	SAÍDA	HONORARIOS
Xadrez Lóstrego (25 Maio 2024)	24 Maio ás 18:00 h.	26 Maio pola tarde	Árbitro Principal: 300 euros (*)
Xadrez Rápido (26 Maio 2024)			Árbitro Adxunto: 200 euros (*)

(*).-Os honorarios estarán suxeitos á retención correspondente (15%).

(*).- Máis gastos de desprazamento xustificados.

Titulación requirida:

- Para árbitro Principal: Árbitro Autonómico ou superior, xa que os torneos son valedeiros para elo Fide.
- Para árbitro Adxunto: Árbitro Autonómico de Base ou superior.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata **o Mércores, 15 de Maio de 2024 (incluído)**.

As solicitudes deberán facerse a través da Federación Galega de Xadrez por mail (fegaxa@fegaxa.org), a onde tamén se poderá dirixir para ampliar información.

Para poder solicitar o arbitraxe hai que ter abonada a licenza correspondente antes da publicación desta convocatoria ([Circular FEGAXA01/2024](#)).

Parte das funcións que terán os árbitros seleccionados será: axudar á organización na supervisión da montaxe da sala de xogo, supervisar taboleiros, axustar reloxo, confeccionar listaxes e que haxa todo o material necesario para que a sala de xogo estea en perfectas condicións antes do inicio da primeira rolda.

Vigo, 08 de Maio de 2024.


Federación Galega de Xadrez